

CONCURSO DE DISEÑO DE MASCARILLAS PARA A CONMEMORACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2020: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

PRIMEIRA: CONVOCATORIA

O Centro de Información á Muller Avión- Castrelo de Miño convoca o I Concurso de deseño de mascarillas para conmemorar o día 25 de Novembro e visibilizar a problemática existente con referencia á violencia de xénero.

SEGUNDA: PARTICIPANTES

Categoría Infantil: Poderán participar todos/as os/as nenos/as e adolescentes empadroados nos Concellos de Avión e Castrelo de Miño.

Categoría adultos: poderan participar todas as persoas maiores de idade, empadroadas nos Concellos de Avión e Castrelo de Miño.

TERCERA: OBJETIVOS

Os obxectivos que se perseguen coa convocatoria son:

- 1.- Sensibilizar os/as nenos e nenas coa procura da igualdade e da non discriminación cara á muller.
- 2.- Fomentar a participación e implicación da cidadanía en xeral nos temas da igualdade de oportunidades e a non violencia de xénero
- 3.- Reflexionar sobre a incidencia da violencia de xénero e dar mensaxes positivas as mulleres para afrontalo.
- 4.- Dar a coñecer a visión da poboación sobre a muller e a problemática da violencia de xénero na sociedade.

CUARTA: TEMAS

A temática que se abordará neste concurso de deseño de mascarillas deberá:

- Mostrar sobre o papel a imaxe que se utilizará como logo nas mascarillas para a campaña de sensibilización para o día 25 de Novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero

A temática para a categoría infantil é a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas e a temática para a categoría adultos é a eliminación da violencia de xénero.



QUINTA: BASES

O concurso de deseño de mascarillas ten como finalidade a creación dunha imaxe que se incluírá na cara visual das mascarillas que se distribuirán a toda a poboación dos Concellos de Avión e Castrelo de Miño.

Para a creación da mascarilla deberá cumprirse:

- 1.- A condición de ser inédito.
- 2.- A proposta non poderá conter ningunha imaxe, palabra, frase, termo, que atente contra as persoas ou institucións, incitación á violencia, consumo de substancias ilícitas, discriminación de persoas, ou grupos de calquera tipo de raza, condición social, económica ou relixión.
- 3.- A proposta deberá estar relacionada coa temática do concurso.
- 4.- Aceptarase como máximo unha proposta por participante.

O deseño deberá ser enviado como arquivo adxunto xunto cun documento de inscrición, de obrigado cumprimento no que constarán os seguintes datos:

- Nome e apelidos completo da persoa participante no concurso.
- Idade.
- Teléfono de contacto.
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.
- Concello onde reside

En caso de menores de idade, achegar a autorización do pai, nai, titor/a para poder publicar e facer uso do deseño para a campaña do día 25 de Novembro en Conmemoración polo día Internacional contra a Violencia de Xénero 2020.

SEXTA: LUGARES E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación dos diferentes deseños, será dende o 23 de Outubro de 2020 ata o 06 de Novembro de 2020 ás 14:00 horas.

Deberanse enviar por email á seguinte dirección de correo electrónico:

muller@concelloavion.org

É recomendable que realicen o envío con acuse de lectura

SÉPTIMO: XURADO



O xurado estará formado por a Directora/psicóloga do Centro da información á Muller, as Traballadoras Sociais dos SS.SS Comunitarios dos dous Concellos e as Concelleira de Servizos Sociais.

O veredicto do xurado será inapelable, e en base a iso, o mesmo será o que elixa o deseño que mellor transmita a mensaxe de Eliminación da Violencia de Xénero para conmemorar o día 25 de Novembro nos nosos Concellos. Dita elección, someterase á votación dos integrantes do xurado, sendo necesaria unha maioría.

Todos os traballos someteranse á consideración do xurado, tomándose como criterios os seguintes:

- a) Cumprimento dos requisitos da convocatoria
- b) Creatividade
- c) Cumprimento cos fins da convocatoria
- d) Capacidade de transmitir a mensaxe respecto a a temática da convocatoria

Será publicado o veredicto nas redes sociais de ambos Concellos e do CIM, en Instagram e Facebook.

OITAVO: PREMIOS

Categoría Infantil: 100 Euros e xogo de mesa igualitario.

Categoría Adultos: 100 Euros e xogo de mesa igualitario.

Os premios dividiranse por Concello, sendo un premio por cada categoría en cada Concello.

En Avión a 20/10/2020

